

Prosa do observatorio

A política galega e o segundo teorema de Mikami-Kobayashi

Hai uns días, camiñado pola rúa, en Bruxelas, pasei por diante da Embaixada xaponesa, que fica no meu camiño de regreso a casa. Crucei a rúa e pasei diante do edificio da Dirección Xeral de Investigación e desenvolvemento da Comisión Europea. Por azar interferín a conversa de dous científicos que ían falando do teorema de Carnot. O nome de Carnot fixo acordar vagas resonancias da escola, mais por eses azares que a vida ten, fixo tamén acordar a miña curiosidade. En chegando a casa, entrei na rede e procurei o teorema de Carnot, que non me dixo nada en especial, pois o que eu lembraba de Carnot, estaba máis ligado ao que se chama o ciclo de Carnot e non ao teorema. Ben, antes de saír daquela complicación innecesaria, vin que no baixo da páxina falaba dos teoremas xaponeses que desenvolvían o teorema orixinal. Non tendo nada mellor que facer (acrediten), decidín procurar que eran aqueles teoremas, chamados máis propiamente os teoremas de Mikami-Kobayashi. Cando os lin e vin as figuras, véuseme unha idea á cabeciña que quixera partillar con vostedes, pois non en van este é un artigo de opinión e non outra cousa.

Vailles soar unha chisca excéntrico, mais pídolles que se armen de lapis e papel, contando con qué se teñen unha boa visión tridimensional (non é o meu caso) non van precisar deses aparellos. Tracen un círculo e inscriban nel un cuadrilátero non regular. Si xa teñen os catro puntos e as liñas que os unen debuxadas, daquela xa poden trazar as diagonais do cuadrilátero. Ben. Xa imos avanzando. Agora deberán inscribir un círculo en cada un dos catro triángulos que resultaron ao trazar as diagonais. Temos, pois, un círculo exterior (a política galega), un cuadrilátero (os puntos cardinais das catro tendencias políticas que están na mente de todos, a saber, os conservadores cristiano-demócratas (PP), os socialistas (PS), os galeguistas (BNG, ANOVA e outros) e os partidos de esquerda ou centro-esquerda estatalista (EU, Podemos ou outros)). Imaxinen agora que cada triángulo, dos catro que temos ao trazar as diagonais, representa a fracción da poboación que está disposta a votar a cada unha das catro tendencias políticas (se lles resulta máis doado entendelo así, marquen cada círculo cunha cor diferente). Xaora, os círculos inscritos serán os votantes finais de cada unha das tendencias (quedando, pois, o resto da superficie de cada triángulo reservado aos votantes potenciais que finalmente se abstiveron). Agora chega o momento crucial, marquen o centro deses catro círculos inscritos en cadanseu triángulo, xunten os centros deses círculos e obterán, sen dúbida, un rectángulo. Repitan agora os exercicios mudando os vértices do cuadrilátero inscrito, e, por tanto, as diagonais, os círculos de influencia de cada formación política, os votantes potenciais e os círculos inscritos en cada triángulo. Volvan marcar os centros do catro círculos inscritos e terán, outra vez, un rectángulo. Diferente ao anterior, máis escorado á dereita ou á esquerda, ao nacionalismo ou ao estatalismo, mais un rectángulo. E así sempre. Non vai mudar, sempre sairá un rectángulo, cando menos até que mudemos de sistema político, o que, sendo realistas, non semella posíbel a curto prazo.

O círculo significa, por descontado, o contexto político, ou sexa o sistema tal é como o coñecemos. O miolo da cuestión é que significa ese rectángulo en toda esta trama unha chisca estraña. Pois o rectángulo significa a correlación de forzas do poder, as ideas que marcan unha época, os catro puntos cardinais onde se enmarca a toma de decisións. Isto non o di Kobayashi que, como bo matemático, so quere demostrar xeometricamente que a unión dos catro centros do círculo é sempre un rectángulo. Isto dígoo eu, e, como exemplo, poño a correlación de forzas nunhas eventuais eleccións galegas. Podería por outros exemplos, como as tarxetas opacas e a Comunidade de Madrid, mais Galiza é suxeito privilexiado do meu interese.

Isto da política é un xogo, nin sempre serio e, cunha chisca de paciencia e outra de visión non sectaria da realidade, daranse de conta que as regras non deixan de estar ben marcadas, aínda que os resultados poidan configurar unha xeometría variábel. Gardarei o deseño do círculo trazado até as próximas eleccións. Xa veremos que é o que dá como resultado o segundo teorema xaponés